

Anuncio da Deputación Provincial de Pontevedra polo que se notifica a Resolución Presidencial recaída no expediente sancionador nº 76/2016, devolta polo servizo de correos por estar o destinatario ausente no reparto.

O Deputado Delegado de Mobilidade da Deputación Provincial de Pontevedra ditou, o 8 de marzo de 2017 a Resolución nº 2017004124 pola que se resolve fronte a **D. Alfredo Cores Campelo** o expediente sancionador nº 76/2016 pola construción dun muro de formigón a unha distancia de 3,30 metros do eixe da estrada provincial E.P. 9006 Bouza – O Facho (Cambados), incumprindo as condicións da autorización número 2016001836.

Ó non poderse realizar a notificación daquela resolución, mediante este anuncio e ó abeiro do disposto no artigo 44 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, notifícaselle ó interesado a mesma.

Tendo en conta que en atención ó previsto no artigo 46 do citado corpo normativo o acto non se publica na súa integridade, fáiselle saber a **D. Alfredo Cores Campelo** que o texto íntegro da resolución que se notifica está ó seu dispor nas dependencias do Servizo de Mobilidade da Deputación Provincial de Pontevedra, sita na Avda. de Montero Ríos s/n, en Pontevedra e que dispón dun prazo de quince días hábiles para presentar alegacións e tomar audiencia no procedemento, achegar os documentos e información que estime convintes para a súa defensa e, no seu caso, propor proba concretando os medios dos que pretenda valerse (artigo 53.1e) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e artigo 16 do Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora).

Pontevedra, 29 de marzo de

O Secretario,



Por delegación a Xefatura dos Servizos Administrativos,
Segundo R.P. nº 2016001033/data 25.01.2016.

CAMBADOS
REXISTRO ENTRADA
2017-E-RC-2160
10/04/2017 14:05



Concello de Cambados